



OU ZANFONA SEMANAL—D' ALEGRIAS OU DE BAGOAS,—SEGUN QU' O POBO GALLEGO S' ADIVIRTE, CANTA OU LAYA.

PRECIOS DE SUSCRICION

N-a Cruña, OITO cadelos pequ nos ó mes—Fora NOVE id.—Número solto UN can grande

QUEN FAI UN CESTO.....

Dende que por mal d' os nosos pecados deca-rouse a peseta unidá monetaria pr' a contablidá administrativa, os benaventurados que teñen o felis privilexio de manexar o caudál púbrico, medraron en rumbosos n-a mesma proporecion que gardan entre si a peseta y-o real: é dicir, son catro veces mais destrugidores que denantes.

Si vivíramos ainda n-aqueles cativos tempos en qu' o real era tan decente com' hoxe a peseta, á lo seguro que non s' escorreria tan facilmente a pruma e os cartos, e así en ves d' importar 770 pesetas os gastos con qu' o noso auntamento contribue á precesion d' o Corpus, houbera sido igual cantidá de reás, qu' abundaba e sobrava pra todas as alilailas que graciosamente custea aquel; pro esta com' outras moitas contas non firen o tímpano d' o noso oído, porque dimos en fixarnos n-o número e non n-a especie á que se refere, y-esto solo pode servir de disculpa ós concexás qu' as deixan pasar sin descusion nin protesta.

Tampouco chama a atencion—;ouh intruencia d' a costume, canto podes!—a partidiña de duas centas pesetas importe de cen libras de chicolate que, en conceuto non sei si de donativo ou de censo, foron suministradas ás monxas Capuchinas, como venise facendo d' anos atrás.

Pol-a miña parte que lles sirva de proveito, e

sinto moito non poder di-irilles o mesmo á todol-os acollidos n-o asilo municipal, qu' así catarán eles o chicolate com' os isrealitas.... digo, como noscuetros o maná que Dios enviaba ós isrealitas n-o deserto, pro que lles faria relambe: o fuciño si o pillasen unha vez ó ano siquera, e xa que non fosen á todos en xeneral, ó menos á algús vellos achacosos e debilitados, á quenes debe supoñérselles mais necesitados que nadía d' un hó réxime alimentici.

E xa que mentamos o asilo, non pode menos d' alcurrírsenos unha pregunta: ¿qué responsablidá—moral, que d' a material libertoos en c' unha palla—qué responsablidá non contraerían os concexás si despois d' ese rasgo de desprendemento tivese: que declarar, n-o trascurso d' este ano económico, que se vian obriga los á facer n-o ramo de Beneficencia estas ou as outras economías, suprimindo empregados necesarios, desatendendo a renovacion d' as roupas, escatamindo o alimento ou botando fora asilados?

Téñase en conta que non é a caridá oficial a encargada d' o sostenemento d' as comunidás relixiosas; que si tanto é o celo e a piedá cristiana qu' animá ós señores concexás, nadía lles estorbá nin criticará que se vayan ó propio peto pra demostrala tan xenerosamente como queíran; e qu' unha pobracion de tan heteroxéneas opinións e creñcias como son hoxe en dia todol-os grandes centros, debe e quer exercer *sua* arilá de maneira tan amplia

como amplitude de creencias e opinións pode haber entre todol-os os cib larianos qu' o compoñen.

Non se nos veña argallando tampouco qu' eso d' o regalo é unha costume vella, e que por tal razón debe respetarse, pois toda costume cando é perniciosa destérrase pra evitar qu' andando o tempo se convirta en dereito.

Mírese e ande mais despacio o auntamento n-a inversion d' o caudal público qu' administra: qu' esa lixeireza e acentimento d' hoxe é o barómetro d' a súa conduta de sempre.

O DEVOCIONARIO DOS PERDIDOS.

(CONCLUSION)

—Será verdá—dixen eu falando pra contra min—qu' acaba de falar-me esa figurilla, ou foi unha alucinacion d' os meus sentidos?... ¡E qué profecía fixo! Nada menos sinon qu' eu, que son anemigo acérrimo de toda crás de xogos, hai de ser escravo d' a baraxa e manéctico pol-as sotas.... Bah, eso non é posible!

Os catro días de tór eu a vision de que von falando—qu' así rabba ó dama si non foi verdá—poiden saír á fora, anque todavía medio á parte coxa, por non desmentir o axo de "non podo ir á misa porqu' estou coxo, pro á taberna von pouco á pouco". Era día de festa e dempois d' apurar todol-os entretencimentos de que pol-a mesma privacion tiña sede, din o-o meu corpo n'un café, o cal non é pecaminoso nin inmoral, sinon fora porque tamen o frecoerta *O Tio Xoraxo*.

Xa n-él, acoupei un velad' reiño qu' estaba preto d' unha porta falsa pol-a qu' entraban individuos de todas cataduras, co-a mesma ánsia qu' os empuados cando van coñral-a nóndua, e saían outros qu' ou xa, seblában e o chamaban ó mozo con certa insolencia, ou xa tomaban moimamente a porta d' a calle, escorriciándose ó paso os bolsos d' os que desenterraban algunha colilla.

O que mais me chamab' a atencion era un roído que por aquela porta saía cada vez qu' a abrían, roído que todos coñecemos e cautiva mais qu' os gorgoritos d' a diva mais aprandida.

—Qu' hay ahí dentro?—preguntei unha vez á un sifler qu' estaba á miña veira.

—Ben se coñece que non é vos ó autoridá;—respondeume.—¿Qué quer vosté qu' haña mais qu' o monte?

—O monte, o monte!—dixi eu pra meus adrentos.

—¿Cá, aquí non hay cabida pra un monte; vamos, será unha montaña rasa.

E co-a mesma fan ó monte.

Sabia, y- intuitivamente, había un monte, ou unha nérea d' homes apilados contra unha longa mesa e rebaba de verde... t'pete y-esta de dourados pilós de madeira; así estaban deud' o homilde xornaleiro qu' esp' á un elbur o pan de unha souzra d' a muller e d' os fillos, hasr' o rico propietario que paxa por gannillo fíndese n-o monte que ten, e qu' en caso de perda in-

denizase subind' os alquileres d' as casas ou a renda d' os lugares, todos c-os ollos brilando, os labres apertados quen non os morde, sin respirar apenas, as uñas encravadas n-as palmas d' a man e o corazon pindurado por decilo así, d' un libriño somellante ó que me prestara meu amigo, e que parecia estar n-as mas d' o mesmo demo, segun a lixeireza con que despabilaba as follas... e os cartos d' os demais.

—Xogo, señores,—dixi n-aquel momento o d' a baraxa mirand' ó soslayo ós cinco ou seis qu' acabábanos d' entrar.

O que mais y-o que menos botou man ó bulso e puxo diñeiro sobre d' o t'pete, y-eu tamen e maquenalmente botei unha roda d' a vinte.

—A donde vai esta postura?—preguntou o sacamanteigas aquel.

—A sota,—repiquei.

Volven o libro ensiguída, e oín decir á miña veira: "¡En porta!" A esta voz volvin a vista á porta d' o local, e cand' a fixei de novo n-o xogo xa recolleran o mais e pagaban ós menos, non sendo eu d' este número. Volta á repitil-a operacion, e volta á salir a sota contra non sei que carta, e como pasa c-os intreses o mesmo que o-o pan qu' escomenzando á esmigallarse vaize todo, quixen rescatar o duro perdido poñendo outro que se foi tras o compañeiro.

Non parecía sinon que tod' a baraxa volvérase sotas, pois saían sin agardar turno, y-eu xogando á dobra por que maxinaba que cada vez que deixaban de pagar era motivo pra que pagasen; e n-esta porfia acabáronse os caudales, e marcheime co-as orellas gachas, e ó atoparme fora e solo, botei as mas á cachola e arrinqueime un puñado de pelos, por certo qu' ó pouco tempo diñume de bruces e' un probe á quen de mala maneira negara a limosna a aquela mañán.

—¡Esto é unha inmoralidá, un roubo,—iba eu dicindo,—d' o que debe estar inlerante a autoridá! Von denunciado.

Atopo d' una do policía e dotille parte d' o que me sucedera e contara visto. ¡Nunca se fixera! Chimpoume n-a prevención, tanto por d' o delito fíndido sobre o malestar d' a sociedade, qu' otorga franquicias á moitos vicios alorados á categoria d' industrias, qu' esparramadas sobre o peso d' o home honrado, veñen á facer impoñible a re-vezacion moral, que non marcha como deba, e o país d' o progreso intelectual; estas e outras causas que como sotas, aloradas pra tragarse o país e d' a cachola d' a economía, sotas que non se coñece qu' pra ver como f'op'za e cae n-elas o home de ben. ¿Por qué ese compadrazgo entr' os que teñen o deber de velar pola pureza d' os costumes públicos y-ese esterio d' a sociedade que fai profesion d' o vicio?

Convila que te convila, vin á decartarme de qu' a profecía d' a condicada d' o de unhas heblas de cam' p'ridos pois hasr' os pelos d' a cachola había perdido.

Esta foi a primeira e última vez que repasei o devocionario d' as cearenta follas, libro d' o que van feitas e agotadas millós d' adicións, e que garda n-as suas páxinas moitas historias de bagaos. Por disgracia mul-

tipricause os oratorios e os repasos d' o tal devocionario, qu' en union d' o tacho comparte o tempo de mozos e vellos desacupados, proporcionán-lolles unha gran distraucion en troques d' o diñeiro, d' o sosego e lastra d' a saúde e d' a vida.

A. V. Z.

CÁNTIGAS

A BETANZOS.

Dedícala á meu querido amigo Severo Aras

Pulsar eu quixera
con doce armoía
hox' as roneas cordas
d' esta torpe lira
pra entoar un cánteco
cuyas notas rítmicas
remedar souperan
as d' a y-alma miña,
qu' enferma e chorosa sin sosego sofre
desdeitas d' a vida.

Mas ay! que non hacho
unha fala ou cifra,
unha vos ou nota,
qu' espresar consiga
os afeutos qu' home, doces ou dorosos,
como queir-os sinta,
garda mui gardados no fondo d' o peito;
que ora lle son frores, ora crués espiñas.

Pois ben: eu quixera
pol-o mont' arriba
que vai o Parnaso
subir con a lira,
e arrancar sooras
nunha meloía
queixosiñas notas
de door enchidas
n-esta enxebre léngoa en que tamen cantaron
Añon e Macía.

N-esta enxebre léngoa
tan amorosiña
como grata múseca
qu' adorm-e agarina;
fala en que s' atopan esquirt' os „Cantares“
da gran Rosalia
e as „Cántigas“ doces d' o Monarca Sábeo
e os libros d' Aguirre, Carros e Murguía.

Deixando tristuras,
cantar vou, pasados
gratiños relembrs,
¡tan gratos, tan gratos!
que d' miñas mentes
non podo botalos;
recordos d' un pobo,
en donde os meus anos,
pasei sin desdeitas horas d' alegría
que pronto voaron.

Vendo xa snas ruas,
vendo xa seus campos,
snas fontes lixeiras,
seus regueiros brandos,
snas roxiñas nenas de roxiños beizos
e d' oliños garzot.
Que mais de cen veces quedei demirado
vendo que predixios fecha en si Betanzos.

Esta cibdá tópase
d' o Mandeo a veira
que teu unhas augas
craras e vidrentas
qu' a decir m' astrevo
qu' algunha Nereida
sin qu' a vexa naide
as augas arregra
n-esas noites craras que parece qu' a lua
o río pratea.

Con que paso ó río
a sua marcha leva,
cantas viravoltas
vai dan! entr-as leiras!
Parece unha cóbrega qu' está retouzando
por entre-la herba.
E ó son que marcha, tan acompasado,
unha zanfonia remedar somella.

Rodéan prados,
xardís e outeiros,
álberes copudos,
perás, limoeiros,
cheirosiñas froles
xuncos e feitos,
leiriñas con trigo
e outras con centeo.
En fin: tantas cousas, que xuntillas forman
subrime concerto.

Vicand' o regato,
e un ponco mais lexos,
tópans' us muiños
de trás d' us salgueiros
que dan unha sombra tan fresca e graciosa
que n-ela os muiñeiros
n-as tardes d' Agosto votar alí soyan
no chan deita-liños, un sono pequeno

Pret' a estes muiños
érguens' us outeiros
de lombo deforme
todo mui cuberto
de vellos carballos
pinos castiñeiros...
que ceiban d' as copas
tal son lastimeiro
que parece remedan as queixas e crellas
d' o pobo gallego.

Terra de Betanzos,
terra deleitosa,
canta hermosidade
n-o teu chan s' atopa!
A crus eu puxera
(pero moi ben posta)
que n-os teus verxeles
solo n-étes fora

donde o paradiso tido habia asento
n-as idás remotas.

—
Tés n-os teus paraxes
por todo-los eidos
brancas volvretas,
silgaros e merlos,
e mil paxariños
de tan fina pruma e de piar tan doce
que é o seu concerto
enchen tod'espacio de tal armonia
qu' a música parece seu son garruleiro.

—
Oul meigo Betanzos,
xardin de galicia,
¿que qué que che cante?
¿que qué que che diga?
pois é unha loucura pretender cantarche
con tan torpe lira
cand' o mesmo Febo fáticeira véndote
ante ti s' acocha... seu fogo retira.

—
¿Qué poderei decirche
que non che dexesen?
¿Que eres mui hermosa?
Que, o qu' os teus verxeles
non vise, non poden
concebir suas mentes
os verxés subrimes
d' a mansion celeste?
que teus prados, teus rios, teus campos
miralos sorpende?

—
Mais ah! meu Betanzos,
pra cantar tuas veigas,
teu surrente valle,
tuas fontes lixeiras,
teu crao hourizonte, teu céfiro brando
n-hai arpas n-a terra;
que se quedan mullas coit mprando atónetas
todo-los prodixios qu' en ti mesma fechas.

Manuel J. LEMA.

Ó MÓR D' A LAREIRA

DELORES.

(Concusion.)

Pro chega un día en qu' a fera melanconía qu' os desdés predocian n-o seu ánemo, convirtiuse en desesperación: Delores desaparecera d' a casa en dond' estaba sirvindo dende que salira d' a Incrusa e n-a qu' era moi estimada, e total-as averigoacións practicadas pol-o abandonado amante non foron eficaces pra descubrir seu paradeiro.

Pro a terra non-a habia tragado, nin éla fuxira d' o pobo, únecas suposicións qu' él se facia, kastra qu' a casualidá, desfrazada n'un veciña sua chismosa e antrometida, veun' á sacar de dudas.

Atopáronse certo dia n-a rua, e parándose dian-te d' él dixolle sin mais arrodeos:

—Xa vexo qu' as ausencias sálench' á cara; estás que figuras ser outro, e non párece sinon que che se morreu tua nai.

O rapás dou un suspiro por toda contestación.

—Vaya,—prosiguiu a veciña,—si acertas con quen estou sirvindo d' agora, confésech' a verdá.

—Y-eu qué sei?

—Pois co-a *siñorita* Deloriñas, home, co-a qu' ain la fai pouco tempo era tua noiva, e está agora que si a viras caísech' á baba; *salculle* un siñoron vello qu' a trata com' á unha princesa.

—¿E dónde, dónde vive...!

—Mira, non vayas a facer algunha toleria; es-quéncete d' éla qu' á ti non ch' han de faltar outras tan boas ou mellores.

—Perde coi-lado,—repicou facendo esforzos pra desimular a rábea d' os celos:—pregunto so-lo por cureosidá.

—Pois ben: vive n-a rua T..., núm. tantos. Conque xa o sabes, adios.

—Aquel día non foi o rapás nin ó taller nin á comer. Andivo d' un lado pr' outro como can perdido, e ó anoitecer foise á un comercio de quincalla e mercou un coitelo d' ancha folla somellante os qu' usan os carniceiros.

Despois dirixiuse á casa qu' aquela sua veciña ll' indicara, e nonalcontrando nada ó paso subeu amodino as escaleiras e petou á porta d' a habitación. A mesma criada con quen falara aquela mañan sa-leu á abrirlle, e dándoll' él un rempuxon botou man á chave e cerrouse por dentro, encamiñándose á sala, guiado pol-o roído d' a conversación que d' éla salía.

Alí estaban sentados n'un sofá e agarimados un á outro sua noiva e o *galán* afertunado, o exgomitado siñor D. C. T., quen ó ver a autitú d' aquel home e o brillo d' a folla d' o coitelo botouse á tem-brar com' un azougado, namentras qu' o espanto retratábase n-o sembrante de Delores.

Detívose n-o medio d' a sala o furioso rapás e paseou a vista d' a sua noiva ó vello cáncamo como si s' entretivese en contempralos, namentras qu' unha sonriña sarcástica asomáball' ós labres; e como si as intencións qu' alí o traguian houbéranse trozado, dixo con moita calma:

—Viña disposto á facerche pagar co-a vida tua perfia; pro xa que te reconozo tan vil que vendes tua hermosura á ese vello asqueroso, vou á enmen-dar o erro d' a Natureza, qu' á unha y-alma tan fea visteuna d' eses feitizos.

Dito est' botouse á éla cego de salvaxeira sin que puidesen evitalo o eisánime vello nin a criada que tamen estaba persente, fixolle e-o coitelo uns can-tos cortes n-a cara e botándolle man á unha orella cortoull' ó ras amostrándoa como repunante trofeo, namentras a vítima bañada n'un mar de sangue retorciase n-o chan entre horribres delores.

Despois tirou ó chan o coitelo e aquel despoxo humano ainda palpitante, e abrindo a porta precipitouse pol-as escaleiras; pr' ó chegar ó último tramo, algúns axentes de policía qu' acodían avisa-

sados pol-os veciños. botáronll' a man e triacándoo co-lo con co-lo levárono preso.

A coitada Delores foi trasladada en moi mal estado ó hospital. O cabo d' ua mes e cand' as feridas que recibira escomezaban á cicatrizar, pidiu á unha hirmán de caridá un espello pra mirarse, qu' esta lle trouxo celend' ós seus moitos rogos. Incorporouse n-o leito e colleu anseosamente o espello, e cando fixando a azourada vista n-él contemprouse tan horribremente fea e desfigurada, éla que se recreaba n-a súa mesma hermosura, dou un berro e caeu acidentada. ¡Cen mortes houberan sido perferibres á aquela con lanacion de tod' a vida! . . .

O cego e disgraciado amante que n'un arrebatado d' os celos cometera tan bárbara aucion, foi condenado á presidio, levan to n-a y-alma o verme d' o remordemento e un amor iamenso pol-a mesma muller á quen tanto mal causara, sin qu' o recordo d'a súa perfia nin a propia venganza lograran estinguilo.

O cabo de pouco tempo a morte condeuse d' os seus sofrimentos, e chamouno á sí.

¿E o señor D. C. T. causa d' os males que levamos relatados? Sea nome respetable non sonou pra nada nin n-o escándalo nin n-o proceso, quizais porque s' evaporou n-a primeira escéa d' o drama, e si algun dia lle revelan que foi *en vestuoso*, en tolleráse d' hombros e dará os mesmos descargos que cando un labrego o calificou d' infame e asesino.

En canto á *Celestina*, tamen campa pol-os seus respetos e sigu' exercendo súa honrada profesion, sin mais trabas qu' as d'a competencia, cada dia maór.

Así foi y-é o mundo hastra d' agora: os delores pr' os probes e pr' os incautos, namentras qu' os podrosos ou estutos navegan n'un mar sin ondas nin escollos.

A. V. T.

A CARIDADE,

Marusiña R... era unha nena de des anos, cuya procedencia xamais puiden adiviñar, y-o mesmo ll' acontecia seiqu' á tod' o pobo; estaba recollida por unha probe caseteira e andaba pol-as portas pidind' o negro pan d' a caridá.

Apesar de suas prendas de roupa esfarrapadas y-a súa corta edá, alivíñabase n-aquel pimpol' o preludio d' a rosa mais garrida e feiticeira, porqu' as perfeucións d' aquel corpo non eran de nena sinon d' ánxel; seus olliños negros com' as doas d' azabache, as pestanas crechas e longas qu' os acultaban com' a cóncheg' aculta á pelra, atraguian ó que por casualidá se fixase n-elas, com' a lus d' o sol atrae os cálices d' as froliñas madrugadeiras, e deixaba entrever un ensono de felicida-

des n-aquela y-alm' ardente e pensadora, ó par que bulidora e deirante.

Marusiña era filla adoutiva d' o pobo, e todos se crián co-a obrigacion de mantela, así é qu' uns lle daban a taza de caldo, outros o compango, e outros calquer farrapiño pra cubrir aquelas carniñas tenras. Unha d' as casas que frecoentaba mais era a d' o crego X., que co-a sorrisa n-os labres e cara de San Anton, sempre lle metia entr' os dedeiros unha peza d'o can grande decíndolle: "Non d-ixes de vir por aquí, que n-esta casa xamás falt' a caridade."

Por sabido, a cativa, mimada *pol-os bos corazóns*, cuasi non tiña ansia de traballar, y-o tempo foi andando y-a costume de vivir de lemosna tamen, é cata que Marica chegou ós quince anos e aínda andaba pol-as portas.

Por este tempo as gracias mais se lutoras y-as perfeucións mais acabadas estaban esmaltadas n-aquela criatura y-adivirtia o pobo que xa non viña tantas veces á recoleuta e qu' andaba mais maja, hastra qu' ó fin nada se soupo d' éla.

Pasados dous anos Marica volveu á aparecer entr' os seus veciños, pro de difrente maneira: era nai.

A lemosna d' estonces tiña que repartirse entre duas bocas, y-ademais aquelas persoas *caritativas* qu' antes a mantiveran sin traballar, agora cerrábanll' as portas con desprecio botándolle n-a cara a súa deshonra.

Probe Mariquiña, dina foi de compasion, morreu chea de fame e miseria y-o crego aínda *lle cobrou a misa d' anima*.

Hay pouco tempo, Inés, filla de Marica, goapa nena por certo, seguía a mesma ruta qu' a súa proxenitora, e tod' o mundo lle daba pra comer, á non sel-o crego X., que n' a quería ver diante d' a porta.

Por aquel tempo viñera ó pobo un xudío, un réprobo, quero dicir, un protestante d' a relixion católica, que s' acupaba en vender libros escomulgados y-en recadar almas pr' o demo c-os seus iusifios, era probe com' as arañas, mais d' o pouco que tiña sempre daba algo á Inés.

—Eu non che podó dar de comer,—lle decia,—pro sin embargo ven por xunto de min todol-os días qu' a lemosna que che dea ha ser maór que ningunha.

A rapaza,alcontrando alí cariño, pasaba xunto d'o xudío a maór parte d' a vida; ós doce anos sabía léer e esquirbir, coser, pranchar e algunhas cousas mais, fillas de Xudas, que lle facian conocer can lexos tiña que pasar d' a casa de seu pái... espiritual o *cleri-cocho* d'a parroquia.

D' ali á poucos meses foi colocada de doncella n'unha casa d' a Cruña e hoxe está casada c'un comerciante, válese moi ben y-é felís c-o seu marido, tendo grande rolada de fillos que manla ir á escola diario.

Cando vé o xudío sempre lle bic' as mans decíndolle: "Bendito sexa vostede, meu señor, porqu' a súa limosna aínda me dura hoxe e gardareina hastr' a eternidade, toda ves qu' éla foi mais valiosa e mellor que total-as demais".

CARLOS POL CAAMAÑO.

FUNGUEIRAZOS

¿Por dónde anda a comision de policía e ornato público pra que non bote de ver o mal estado d' o empedrado en todas as ruas d' a Cruña? ¿Anda pol-os tellados ou "arrastra" coche cando se propón desempeñar as funcións propias de seu cometido?

Tratamos á moitos veciños que cando sinten pasar pola rua algun carro ou zorra cargado, qu' ó fundirse a-os moitos baches qu' hay n-elas fan abanear as casas, agárranse instintivamente... ás propias orellas, por non ter preto de sí as respetables de quen é causa d' o susto que se levan.

Mellor sería qu' en ves de distraer cantidades en certas cousas que non son d' obrigación nin hay por qué colgarllas ó contribuyente. se consinase o necesario pra a recomposición d' as ruas, que facendoo á concencia proporcionaría ó mesmo tempo pan á moitos braceiros qu' están sin acupación.

Com' amantes fillos de Galicia e de sua prosperidá, congratulámonos de que se desvaneceran as dudas e temores qu' estos últimos días anubraban o alborozo qu' á todos nos produxo a concesión á Betanzos d' a escola militar preparatoria, dudas e temores que mais qu' en outra cousa fundábanse n-o acostumbrados que nos teñen os gobernos á non ver imprantar en Galicia cousa algunha de proveito.

Afirmámonos, pois, n'a enhoraboa que n-o número anterior dábamos ós betanceiros, e que facemos estensiva á tod' a rexión, como o é tamen o beneficio.

N-o número pasado e con motivo d' as desgracias habidas n-as romarias d' as merendiñas, chamabamosll' a función d' o señor Morés, decíndolle qu' os bárbaros xa non estaban as portas, sinon qu' habian entrado na pobração. Hoxe podra convencerse d' a verdá d' o que dixemos, pois supoñemos qu' os seus axentes darianlle parte d' as falcaturas que fixeron estos días, disparando armas de fuégo, quizais sin entinción de facer mal, pro que debido a unha casualidá non temos hoxe que chorar varias desgracias.

Estos autos, señor gobernador, véñense repetindo por desgracia hai moito tempo.

Non podria despoñer V. E. unha razia contra esos africanos, e ver si no cuarto d' a inspeccion se lles civilizaba?

Teña compasion d' os veciños d' as ruas de Santa Lucía, Garás, Juana de Vega, e prazas d' Orense e Pontevedra, qu' en cant' anoitece, teñen que zarrar portas e ventanas, e aínd' así non s'alcontran seguros.

Hoxe que tan apurado está o autamento por falta de recursos ¿por que non impon unha contribucion os tocadores d' acordeón e os qu' os acompañan batindo palmas por esas ruas de dios, levantando door de cabeza o que ten a desgracia d' oílos, destrozando a música

qu' é unha lástema, e o qu' é peor facendo aborrecer e renegar non solo dos instrumentos, tocadores e acompañantes, sinon hastra d' o inventor

Por pequena que fose a cantidá que se lles impuxese por tocar os domingos e festas de garda, sempre habia de subir a algus centos de pesetas, ou moito habia de baixar a afición. En un ou en outro caso sempre habia algun beneficiado; e ademais podriase facer unha estadística moi coriosa e hastra crasificalos e impoñerlles a cedula de vecindá por esta nova profesion.

Suplicas' ás persoas qu' ato paran un pedazo de Cravete sirvanse entregalo n a administración d' „El Telégrafo“ pois por falta d' ese peza queda inutilizado o instrumento.

Non é cousa baladí
eso de perdel-a peza...
o que a alcontre, para si
gardea, mais que se ll' ofrezca
o ouro d' o Potosí.

N-ai cousa mais chusca nin mais adivirtida é que mais faga esquencer a escases qu' hai tempo se sinto de cadelos, que lér os preódeco que s' atitulan serios, cando trocando o gorro de terciopelo bordado, pol-o de cascabés, quérense botar de graciosos e pillís; conseguind' o fin facer gracia a forza de desgraciados, logrando facer soltar a carcaxada os seus leutores.

Non merec' entrar na sua vila en ningunha sacristía, o qu' o lér o solto que publica „El Pensamiento Gallego“ no seu número d' o lus, non se ria e celebre o chiste o ver a chispa e gracia con qu' está esquirto. Calquera despois de celebralo como se merece alcúrrselle esta pregunta,

¿Cantos Xas hai n-a redacción d' „El Pensamiento Gallego“ de Santiago?

Concruida xa a impresion d' un libro que c-o titúlalo d' *As noites n-o fogar, colección de lëndas e contos marás*, dou á prensa o señor Vazquez Taboada, ponché molo á venta dentro de poucos días ó precio de tres réas pr' os non suscritores e sete cás pequenos pr' os qu' o son.

Sesion municipal d' o lus.—Aberta a sesión ás cinco e media d' a tarde baixo a persidencia de don Tomás, e con asistencia d' os concexás señores Casares, Pardo Gonzalez, Garcia Collazo, Blanco e Villardefrancos, entrando pouco despois o señor Lamela, leuse e foi aprobada a anta anterior.

Léronse duas cartas, unha d' o señor Montero Rios, e outra d' o deputado por Betanzes don Antonio Vazquez ofrecendo interpoñer sua influencia c-o ministro d' Hacienda pra que resolva favorabremente a solicitude presentada por este autamento pidindo a condonación d' a parte que lle corresponde por consumos pol-os anos de 1869 e 1870.

Concedeuse licencia pra varias obras.

Doña Dolores Folla e D. J. Magdalena, como donos d' a casa n.º 12 d' a rua de Santiago solicitan que se lles abonen os gastos d' apuntalamento e alquileres e mais desperfectos que con motivo d' a espropiacion d' a inmediata tiveron que facer. A comision de policia n-º seu informe repitiu a hestoria que fixo cando s' acupon d' a d' o señor Castelós. Acordouse desestimar a petición.

Entra o señor Mayor Rivas.

Déronse por recibidas definitivamente varias obras qu' o estaban provisionalmente.

Sobr' a custion d' annuncios suscitouse unha discusion, n-º qu' interviñeron cuasque todol-os concexás, reutificando varias veces. N' unha d' elas o señor Garcia Collazo queixouse d' a manía, ou como queira chamarse, que teñen os concexás de pedir queden os espedentes oito dias sobr' a mesa, pra non ocuparse mais d' eles. Acordandol-os que pasasen de novo as duas proposicións á comision de policia pra que se estudiasen mellor.

Acordouse facer as obras que se solicitan no cuartel de Riaazor, por administracion e baix, a direccion d' o capitán d' a batería, non empreando n-elas mais que 1000 pesetas.

Aprobaronse varias contas e entr' elas unha de 770 pesetas pol-os gastos ocasionados pol-a procesion d' o Corpus.

Con motivo d' as festas que se han de celebrar est' ano, o señor Pardo Gonzalez entra n' unha disertacion sobr' as veceseindas por qu' atravesa a praza de touros facendo unha longa hestoria d' as contractas; perunciando con este motivo un discurso que non tivemos paciencia pra oílo terminar, retirandonos d' a sesion as sete e media.

Vamos a facerlle un rogo o saecretario ou o encargado do material d' as oficinas.

¿Non pòdria despoñer que de cando en ves se renovasen as prumas que nos pon, e o papel xa que non de miller cras, fora mais abundante?

Os tapetes que cobren as *six plantas mesas de pino* cheos de baratos e romendos, non lla parece que piden xubilacion?

Non se pòdria anmentar siquera outras duas sil'as que pol-o caris que teñen as qu' hoxe nos poñen, non deben custar arriba de tres pesetas?

Don Severino, si así o fai, permítemosl' e pola nosa parte, non obrígalo a estar sentado duas horas seguidas o menos, nos asentos que vost' nos regala con tanta manitú.

Ven á escola d' a vila de cabeza
e á pesar d' os pesaces vai vivindo,
agui s' orgue, mais alá t' ogeza,
a fame e desualó; sempre soñando.

Sostén d' o enxainho qu' á burtoa vive
préstalle e lombo qu' o trebello encañe,
non atende ó mal trato que recibe,
nia pertende pasar de *Nau Traballa*.

O saco cheo de culpas
foi ó inferno un eleutor
que traficando e-os votos
ganara moitos doblós.
— Volve a terra, — dix' o demo, —
qu' alí me convés mellor
elixindo sempre pícaros
que condenan a nacion.

A un labrego xa arruinado
por tel-a *pleito-manía*,
atopou cuase abafado,
dand' ó malle e ben mallado
úa que rix' esquirbanía.

— ¡Hola Xan! — dix' ó pasar, —
seiqu' aproveíta-lo vrau?
— Si vosté quer axudar ...
— Home sí; non hei falta
á vireh' á limpar o grau.

A. V. T.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Rua d' a Flta, n.º 7, Cruña

XABRERIA DE JACINTO SEOANE

Canton Pequeno, n.º 12, baixo

N-este establecemento confeccionase toda crás de prendas de vestir para señores e señoras, con arreglo ó último figurín d' a moda e co-a perfeccion, prontitá e economía que ten acreditado con seus numerosos parroquianos.

Canton Pequeno, 12, baixo

ANDRÉS MOSQUERA

Señalada, 12, baixo

Se conspírese tanta barata e variedade por todos los estilos e comestivos.

Especialidad en trabajos en oro.

ANUNCEOS

PAPELERIA. LITOGRAFIA

E OUXETOS D'ESQUIRTORIO

M. ROEL,
54-Real-54

Compreto sortido en toda crás de papés de fio pra oficinas—de folia longa pra preódecos e obras—boniños papés paquenos e comerciás pra cartas—tintas, apiceiros, prumas e canto fai falla n-os esquirtorios, —compretos y-alegantes útiles pra dibuxo, asi como tamén articulos pra fumar.—Abondante sortido de libros moi cuquiños pra rezar n-a eirexa señoras e señoritas.—Libros con sigui e ros pra contas.

Ista casa conta n-o seu espacioso taller c'unha dú-
éa de rapaces, uns que rascan n-as pedras facendo boniñiñas cousas e-os lapiceiros d' aceiro, y-outros que fan botar d'as máquenas follas abondo con vistosos coores; e o mesmo fanse traballos pra oficinas civiles e d' os corpos armados, papés e-os timbres moldeados; *empresos* pra contas, libros signideiros de mais ou menos follas, como fanse tamen moi boas TARXETAS bran-
cas, de loito e con escudos d' armas ou outras alegorías. Etiquetiñas pra os feires, botellas de viño, cervezas e pr' as tendas de medicinas. Letras de xiro, cartés, cartas co-a relacion empresa pra non ter qu' esquirbir tanto n-os comercios, esquelinas pra noticear casamen-
os, e outras cousa; que por ser moitas se m' esquencen

54, calle Real, 54—A Cruña

MARIANO VAL E C.^A

Santa Catalina, 17

Viños d' Aragon, Castilla, Blanco Chielana, Riveiro e Valdepeñas.

Viños de mesa como éles n-os atopades n-o pobo, dan forza ós convalescentes, curan o cólera morbo, és vellos dan longa vida, ás casadas dán refulgo e se contan moitos casos de rascitar ós mortos. E o sacreto d' estas curas beber un neto d' un sorbo, e repitindo estas tomas pagar ben e pidir outro. Pra pifar entre comidas o Chielana é como un ouro, e onte un vello qu' o catou salem d' alí feito un mozo. **NON MAIS CALVOS**, qu' este viño fai medral-o pelo á meitos, si con magras de xamon dan urhas fregas é estógamo.



ZAPATERIA BRIGANTINA

DOMINGO TENREIRO E COMP.

Ruadr. *issa*, 12—Betanzos

N-esta conecida tenda, á que xusta fan' abona, hay canto a moda pertenda, bó e barato, ¡qu' é perbenda n-estes tempos, segun sona!

Hastra d'o confin d'a terra veñen aquí os materiás; e aquí, co-a rutina en guerra, faise o calzado, á compás a' as nociós qu' a cencia encerra.


Estética, Xeometría son mayestras n-o taller, director' a Natomía, e dáse os pés outro sér e ó corpo mais gallardia.

GRAN TINTORERIA D'O PALENTINO

Calle d' Orzan, 68

N-este acreditado establecemento tiñese de todol-os colores e quítanse toda clás de manchas ás roupas, asi de señoras como de cabaleiros; ademais lávanse cobertores de lan, usados ou novos, dáselles o coor que queira e sácasellés o pelo; todo moi baratiño e co-a prefeucion que ten acreditado.

NON ESQUENCERSE:—Orzan, 68, Cruña.



F. G. ACUÑA

ORBALLEIRAS

poesías gallegas e castellanas

Véndese aquí

A FULIADA

PREÓDECO SEMANAL D' ENTERESES MORÁS E MATERIÁS,

Sal á lus todol-os xueves

Precio de suscricion:—Oito cadelos pequenos ó mes

Número solto UN can grande



EMPRESA

DE

A. AMENEDO PONTE

Rua d'a Fica, núm. 7

Faise aquí toda clás de traballos, ben e barato.